
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O XOVES, DÍA 16 DE ABRIL DE
2015**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:50 horas do xoves día 16 de abril de 2015, coa seguinte orde do día:

1. Proposta de modificación parcial do plan de estudos do Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Acinas García	Juan Román
Álvarez García	Julia
Baldomir García,	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Cagiao Villar	Juan
Carro López,	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Díaz García	Jacobo Manuel
Domínguez Perez,	Xabier Eduardo
Eiras López,	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Herrador Barrios,	Manuel Francisco
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novalés Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Paris López,	Jose
Pena Mosquera	Luis
Peña Gonzalez	Enrique

Pérez Pérez	Ignacio
Romera Rodríguez	Luis Esteban
Taboada Vázquez,	Raquel
Toledano Prados	Mar
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel
Vázquez Herrero	Cristina Mercedes

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Martínez Díaz	Margarita
Rodríguez Pasandín	Ana María
Soage Quintáns	Manuel Andrés

ESTUDANTES

Aguín Sartages	Sara
Carballido Souto	David
Chao Valle	Laura
Dacosta Tapia	Jorge
López Fariña	Raquel
Losada Garaboa	Eva
Martín Losada	Marta
Piñeiro Lema	Alejandro
Pire Pardo	Luis María
Rojo López	Gemma
Sañudo Costoya	Esteban
Tasende Vilariño	Manuel
Traseira Piñeiro	Laura
Varela Barreiro	Elvira
Varela Vidal	Sabela

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Caruncho Cea	Ana María
Cruz Viqueira	María Pilar
Vázquez González	Julia

EXCUSAN

Franco Figueira	Alberto
Roel Vilas	María Pilar

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1) Proposta de modificación parcial do plan de estudos do Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil

Comeza o Director explicando a proposta enviada previamente. Explica o contexto da situación, onde os graos actuais son substitutos das titulacións previas de Enxeñaría de Camiños e Enxeñaría Técnica de Obras Públicas. Para a primeira organizaouse o Grao en TECIC e para a segunda o grao de EOP. O primeiro non ten atribucións profesionais e se comparamos a situación co resto de España, é o único grao branco do ámbito da enxeñaría civil das Escolas de Camiños, dado que en todos os casos se lles outorgaron competencias.

As vantaxes de esta modificación comezan por unha mellora competitiva para os nosos estudantes, desde a perspectiva profesional e no ámbito laboral. Tamén fai máis atractiva e se potencia a titulación. Non se pretende, cambiar a orientación do grao nin os seus obxectivos académicos. Ademais, en febreiro deste ano estableceuse un novo RD de ordenación das ensinanza universitarias, onde se flexibiliza a duración dos graos que poden pasar a 180 créditos. De esta norma quedan exentas as profesións reguladas. Polo momento non comezaron os cambios, pero está aberta a porta a que eso suceda. Deste xeito, dotar de competencias ó grao de TECIC serve de protección para o plan de estudos que temos.

Previamente a poñer en marcha esta iniciativa realizouse unha sondaxe coa ACSUG e coa Reitoría para coñecer se eran favorables a este cambio. A resposta foi moi positiva neste sentido e considerase que aumenta o atractivo do título e beneficia ós egresados.

A mediados de 2016 hai que solicitar a acreditación dos títulos da Escola, desde o ano antes non se pode solicitar ningunha modificación do título. Calquer modificación, por tanto, tería que realizarse antes de xuño deste ano. Se non habería que pospoñer calquera cambio a 2017.

Procede agora a describir os cambios a realizar. Afectan a dous niveis: ó plan de estudos e como está articulado, e á xustificación de que o plan actual se axuste ás competencias da Orde Ministerial da profesión regulada de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, especialidade Construcións Cívicas. Para conseguir isto, en primeiro lugar habería que modificar a asignación de créditos ó TFG que na actualidade ten 6 créditos ECTS e que debería ter 12 ECTS. Polo tanto sería preciso traspasar 6 créditos do plan de estudos ó TFG.

Buscouse minimizar as afeccións ás traxectorias dos estudantes, deste xeito a proposta que se alcanza é a de reducir a 4,5 créditos a materia de Urbanismo e reducir os créditos de optativas de 9 a 4,5 eliminando unha das materias optativas que os estudantes escollen. Por último, é posible que para encaixar correctamente o plan de estudos sexa preciso cambiar algunha materia de curso ou cuadrimestre, deste aspecto informárase á Comisión Permanente.

Sinala tamén que presenta vantaxes adicionais para os nosos egresados, correspóndense en primeiro lugar á acreditación EURACE xa que é a intención da Escola acreditar este grao tamén neste marco. En segundo lugar os titulados terán acceso ás

oposicións e de cara ás empresas as cales contarán con titulados con solvencia legal técnica para os concursos.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Alfonso Orro intervén sinalando diversas cuestións. En primeiro lugar indica que coa modificación proposta e mantendo o que figura no Verifica do TECIC aprobado pola ANECA, non se alcanzan os créditos mínimos de tecnoloxía específica de construcións cívicas para poder outorgar esas competencias. Considera que aumenta o risco de que se elimine unha titulación do centro, ao ter no mesmo centro dous graos que conducen á mesma profesión regulada na mesma especialidade, situación que cre que non se dá en ningunha titulación do sistema universitario galego nin en titulacións de enxeñaría civil con contornas demográficas análogas. Doutra banda, o incremento da carga académica e do contido do traballo de fin de grao pode conducir a que menos estudantes poidan finalizar o grao de TECIC en catro anos para poder acceder ao máster ECCP. Por iso cre que os riscos superan ás vantaxes e que sería preferible actuar para facilitar no posible que os titulados en TECIC puidesen cursar os contidos complementarios necesarios para obter tamén o grao de IOP-CC.

Resposta o Director expoñendo que antes de facer ningún movemento estudíaranse os riscos que incorpora o feito de dar esta dobre vía. Efectivamente, detalla que este é o mesmo esquema que teñen en Barcelona, Valencia e Madrid. Nas Escolas onde se impartían as dúas titulacións pasouse ó esquema que se está a propoñer. O obxectivo non é cambiar a estratexia ou a xustificación do grao, o único que se busca é dotar ó grao do engadido das atribucións. Deste xeito se o estudante decide continuar a súa formación co Máster pode, e se non, sae con unha titulación con atribucións profesionais.

Respecto ó curso de acción dos enxeñeiros industriais, tívose unha conversa con directores de Enxeñaría Industrial, e estes sinalan que se trata dun ámbito diferente. Cando acaban a carreira, os nosos estudantes traballan, esencialmente para o sector público, e os industriais para o privado. No noso contexto é moi importante cursar unha titulación con atribucións profesionais.

Respecto á carga de traballo de fin de grao, é obvio que será máis completo, tamén é certo que se reduce a carga lectiva do segundo cuadrimestre do cuarto curso.

Respecto ás formulacións de graos conxuntos, conlevan un maior coste económico para os estudantes e alongan a duración dos seus estudos de grao.

Intervén o profesor Fermín Navarrina explicando o contexto no que se aprobou o plan de estudos, dado que non é estritamente certo que o TECIC non se quixera dotar de atribucións desde a comisión de plan de estudos. Foi unha decisión política respecto do que estaba permitido facer. Considera que sí se poden dar as atribucións profesionais en 4 anos, xa se plantexaba desde o principio do deseño do plan.

Continúa expoñendo un argumento adicional, sempre se trataron os estudantes con equidade, sempre se deu acceso ó segundo ciclo de Camiños. Deste xeito, os estudantes que querían obter cada un dos títulos tiñan vías para conseguilo. Cando se aprobaron os

plans de estudos novos, abrironse máis opcións, sen embargo había unha diferenza, os estudantes de GEOP acceden ó Máster en pé de igualdade e a maiores conseguirían un título con atribucións, sen embargo os de TECIC non conseguen atribucións co seu título. Opina que o cambio sería estratéxicamente positivo, dado que no novo marco ofrecese un trato máis equitativo ós estudantes. En todas as outras Escolas moveronse en este sentido.

Intervén o profesor Carlos Nárdiz, quen indica que considera que é un cambio de estratexia da Escola. Explica que nos debates dos dous graos, propuxose unha formación diferente para ambas titulacións. Expresa que a redución de créditos en Urbanismo non é algo que lle produza preocupación e que é comprensible. Incide en que a formación da Enxeñaría de Camiños é diferente á do GEOP, e que a Escola no seu momento apostou por diferenciar os dous títulos. Engade que non ve nada negativo no paso do grado de 4 anos a 3, e expresa o seu acordo co exposto polo profesor Alfonso Orro.

Resposta o Director sinalando que o esquema de 5 anos non sería equivalente á antiga titulación de Camiños dado que aínda non existe un grao+máster integrado. A redución a 3+2 non sería equivalente ó plan anterior que tiña 4200 horas xa que con este plan 3+2 pasaríanse a 3000 horas con dous niveis, grao e máster.

Intervén o profesor Carlos Nárdiz expoñendo que os estudantes que acceden saben que queren ser Enxeñeiro de camiños, na súa opinión este cambio introduce unha confusión no estudante, o que se matricula no TECIC está orientado hacia o Máster de Camiños, e o de Obras Públicas xa se matricula nesa titulación.

Intervén o profesor Manuel Casteleiro e comeza explicando o contexto existente cando se crearon os plans de estudo. Este grao de TECIC creouse sen atribucións porque foi o que ordenou o Secretario de Estado. Isto mantívose así ata que a politécnica de Madrid decidiu facer un grao con competencias e aceptouse desde o Goberno. En canto se puido facer cambiárono no resto de Escolas que tiñan grao branco. Somos a única que non o cambiou.

Engade que cando se confeccionou o plan do TECIC xa se fixeron números para ver se o TECIC cumpría a Orde Ministerial tendo en conta a posibilidade de que en algún momento se levantara a limitación. Respecto ós cambios, sinala que son mínimos e non se corresponden por tanto con un profundo cambio de estratexia.

Respecto ó tema do TFG recorda que nas titulacións antigas, o PFC das titulacións antigas tiñan 4,5 créditos en Obras públicas e as tarefas eran moi similares ás de agora.

Engade, por último, a opinión de que aprobando esta modificación a Escola está máis segura, non habería incremento de coste por ningún sitio e, polo contrario os graos dobres teñen un custo elevado e nos tempos actuais, iso non se acepta de bo grao. Coa modificación conséguese, con un cambio mínimo unha mellora para os estudantes.

Intervén o profesor Alfonso Orro sinalando que non quere entrar a refutar outros argumentos, pero incide en que non se tratou como se van a alcanzar os créditos necesarios de tecnoloxía específica.

Intervén o profesor José París indicando que unha vez realizadas as modificacións propostas se pode realizar a xustificación da Orde Ministerial.

Intervén o Director no mesmo sentido, sinalando que co actual plan se pode xustificar o cumprimento das competencias coas materias que xa existen.

Intervén o profesor Fernando Martínez, expoñendo que considera que se trata dunha oportunidade a cal tamén ten riscos xa coñecidos. No contexto vixente, estando a punto de pecharse a porta de cambios e co decreto do 3+2 próximo, seguramente haberá mais cambios no futuro. Ademais engade que é preciso ter en consideración que as Escolas tiveron tendencia a levar un camiño similar e coordinado. As peticións dos 3+2 aparecerán, pero abandeiradas polas Escolas Privadas.

Intervén o profesor Santiago Hernández, explicando que é difícil coñecer o que cren os estudantes e opinan, e que tamén é difícil dicir por qué fan as cousas e porque deciden por unha ou outra titulación. Hai unha cuestión bastante clara, cando se implantou o TECIC non era posible dar atribucións profesionais, e agora que si se pode, parece lóxico aproveitar esta oportunidade.

Intervén o profesor Luis Romera sinalando que dentro da dirección xa se pensara en dotar de atribucións ó TECIC, e que foi un dos factores que se tivo en conta no deseño do plan. Expresa que considera que é unha oportunidade para os estudantes.

Intervén a profesora Cristina Vázquez expoñendo que dotar de atribucións profesionais ós títulos é unha singularidade española, na maioría de profesións reguladas o habitual é un sistema de certificacións. Considera que pode ser importante dotar de estas atribucións, e sinala que hai mais vantaxes que inconvenientes.

Atribúe o descenso da demanda a que se percibe a falta de demanda de perfís técnicos e científicos. Incide en que o que habería que facer é formar profesionais capaces de resolver problemas. Búscanse perfiles de técnicos con capacidade de análise. Non habería que circunscribirse ás atribucións tradicionais. Expresa o seu acordo con que se lle den atribucións ó TECIC.

Intervén a profesora Isabel Martínez, expresando que se ben non coñece como se vai a articular a xustificación das competencias, está de acordo en dotar coas atribucións profesionais ó grao con fin de favorecer ós estudantes actuais e futuros.

Intervén o profesor Xesús Nogueira indicando que o problema de descenso de demanda é común a todas as enxeñerías.

Intervén o estudante Luis Pire, expresando que en xeral está de acordo coa modificación aínda que expresa a súa preocupación por algúns aspectos como a realización da transición entre plans. Expón que este cambio parece positivo para o

futuro. Respecto á confusión que existe entre as titulacións, indica que será o mesmo, un alto grado de confusión en xeral.

Intervén o profesor Jaime Fé, consultando sobre as garantías de cumprimento dos módulos da Orde Ministerial. Resposta o profesor José París indicando que todo está sometido a interpretación, que a Orde Ministerial resulta algo confusa nalgúns aspectos e hai que interpretala, pero que se pode articular sen maiores problemas.

Intervén a estudante Sara Aguíñ expresando que na súa opinión este cambio era moi importante dado que os estudantes que por temas económicos non poidan seguir cos estudos de Máster, ó ter cursado un grao con atribucións profesionais, poden acceder mellor ó mercado laboral.

Concluídas as intervencións, establececese unha votación que produce o seguinte resultado:

- A favor: 45
- En contra: 2
- Abstencións: 3

Aprobase a proposta de modificación

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 14:10 horas do xoves día 16 de abril de 2015.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico